

Semblanza de Manuel Lugrís Freire

Anxo Tarrío Varela

Texto foi lido no Acto do Día das Letras Galegas 2006,
presidido polo Excmo. e Magfco. Señor Reitor
no Salón Nobre do Colexio Fonseca
da Universidade de Santiago de Compostela.

Vou tratar de me achegar un pouco a un home que, despois dunha vida enteiramente dedicada a Galicia, á causa republicana e á democracia, morreu cheo de tristeza en 1940, con setenta e sete anos, en medio da negrura do medo e do sangue da inmediata e cruenta posguerra civil española para, a continuación, pasar ao case absoluto esquecemento.

Certamente, a abundante bibliografía e información mediática que dende hai uns poucos meses até hoxe se xeraron arredor da figura que hoxe homenaxeamos, ponme moi difícil poder dicir aquí algo orixinal. Por outra parte, tamén me eximen de relatar moitas cousas do autor sadense que se poden atopar nos libros ou escoitar e ver nos medios de comunicación con toda facilidade. Así que a benevolencia que vos pido terá que ficar algo reducida polo feito de dispoñer eu de fontes solventes e abundantes que farían imperdoábel esquecer algunha das principais entre as múltiples facetas que desenvolveu Lugrís Freire ao longo dunha vida non pouco dilatada.

Manuel Lugrís Freire naceu en Sada o 12 de febreiro de 1863, no seo dunha familia de clase media, onde adquiriu un **habitus** afectivo ao que había ser fiel até o final dos seus días.

1863 foi o ano en que Rosalía de Castro viu impresos os seus *Cantares gallegos*, libro fundacional do que se vén chamando Rexurdimento. Dende vinte anos antes do momento de nacer Manuel Lugrís Freire, aconteceran algúns feitos de grande importancia para o futuro de Galicia, como o levantamento militar de 1846, que deu lugar ao que na historiografía se denomina Mártires de Carral; ou como a edición en 1853, coincidindo cunha gran fame que dezmou Galicia, de *A gaita gallega*, primeiro libro galego da época contemporánea, con gran predominio da lingua propia do país na súa elaboración, da autoría de Xoán Manuel Pintos; tamén se celebrara o Banquete de Conxo, en 1856, enchoupado de socialismo utópico máis que de galeguismo, pero aproveitado tamén para marcar unha efeméride galeguista, dende o momento en que a el acudiron mozos universitarios que, como Manuel Murguía ou Eduardo Pondal, habían

sobrancear posteriormente como primeiras figuras do ideario rexionalista; fíto, todos eles, que podemos cualificar de históricos, ou cando menos que así se configuraron a través da historiografía do momento e posterior, en tanto en canto contribuíron a proporcionar simboloxía exclusiva para o incipiente discurso identitario de Galicia, entendida esta como unha unidade territorial, histórica e cultural e tamén como país diferenciado dentro da Península Ibérica, nun contexto europeo.

Efectivamente, durante as décadas dos anos corenta e cincuenta do século XIX é ben sabido que foi cando se comezou a elaborar o discurso do provincialismo, termo con que se coñeceu o primeiro movemento político e cultural de xorne galeguista do século XIX, ao que había desprazar pouco máis adiante o máis técnico de *Rexionalismo*. Un discurso, aquel, todo o magmático e inconcreto que se queira, naquela altura, pero pertinaz, constante e irreversible. Foi tamén cando se comezou a pensar na revitalización da lingua e da súa proxección literaria, como ocorreu cos primeiros xogos florais realizados n'A Coruña en 1861, que deron lugar á publicación do *Album de la caridad*, de 1862, libro no que se recollen ensaios sobre a necesidade de elaborar a Historia de Galicia e sobre a xesta do Monte Medulio así como moitas composicións de “Nuestros vates gallegos contemporáneos”, entre os que estaban Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre e Manuel Murguía, ademais dun longo etcétera.

Polo tanto, cando Manuel Lugrís Freire comezou a ter uso de razón galeguista atópouse en pleno epicentro do Rexurdimento galego e, apaixonado como el era, debeu tomar boa nota de todo canto se levaba feito a prol dun recoñecemento de Galicia como país con dereito a ter voz propia e a esixir o remate dos abusos que estaban a sufrir as clases populares, por mor dos tributos, das administracións civil, eclesiástica e xudicial, dos caciques e dos funcionarios, que moitas veces eran esbirros do sistema caciquil.

Efectivamente, cando Lugrís puido ter consciencia do ser e do existir de Galicia xa naceran populares publicacións monolingües en lingua galega, como as tituladas *O Vello do Pico Sacro* e *O Tío Marcos da Portela*; xa Manuel Murguía publicara a súa *Historia de Galicia*, onde se atopan as primeiras reflexións teóricas acerca do nacionalismo, coa súa compoñente céltica incluída; xa Benito Vicetto, así mesmo, fixera ensaios sobre a Historia de Galicia...En fin, cando contando vinte anos de idade, en 1883, colleu o vapor para a illa de Cuba, Lugrís Freire puido levar no seu fardel de emigrante libros tan fundamentais como os poemarios *Cantares gallegos e Follas novas*, de Rosalía de Castro, *Aires da miña terra*, de Curros Enríquez ou *Saudades gallegas*, de Valentín Lamas Carvajal; tamén prosa narrativa como *Maxina ou a filla*

espúrea, de Marcial Valladares, primeira novela da literatura galega contemporánea; e mesmo un texto dramático pioneiro como *A fonte do xuramento*, de Francisco M^a de la Iglesia.

Pero, así mesmo, levaba LUGRÍS no seu maxín unha idea de Galicia como país celta amplamente alicerzado na prehistoria, á que lle suma a experiencia da ocupación sueva como referencia para unha futura República federal. E tamén levaba na retina as paisaxes da súa comarca mariñán que tantas veces rememoraría nos seus escritos e que tanto o emocionaban cando tiña que facer a pé o itinerario entre a súa casa en Soñeiro, preto de Sada, e Oleiros, en cuxo concello tivo que entrar a traballar como escribán nada máis rematar os estudos primarios, por causa da debilidade económica pola que atravesaba a familia.

Nesta modesta semblanza que pretendo facer do autor sadense, quereda que non se perdesa de vista esta primeira visión romántica que LUGRÍS incorporou á súa evanescente ideoloxía xuvenil, porque coido que, proveniente esa visión, en gran parte, do propio discurso poético sentimental xerado no Rexurdimento pleno e do **habitus** afectivo familiar que mencionei antes, será unha clave importante para explicar toda a súa traxectoria posterior, na que engordidamente, e sen abandonar nunca as efusións sentimentais e líricas que o país lle inspiraba, se vai notando nel máis e máis un proceso de racionalización e unha firmeza de conviccións respecto de Galicia como un país, ou provincia, ou rexión, ou nación (na terminoloxía das diferentes épocas que observemos) de forte personalidade e con dereito a escribir o seu destino. Mesmo se diría que LUGRÍS intuía vagamente que había que iniciar unha planificación cultural, no sentido que a esta expresión lle dá a moderna teoría de polisistemas, e dedicarse a encher os baleiros que sen dúbida presentaba o protosistema cultural emerxente que sustentaran até aquel momento unha serie de axentes entusiastas e voluntaristas que, en calquera caso, puxeron os alicerces, lenta, pero tamén solidamente, da Galicia moderna. E a partir desta revelación, que poderíamos etiquetar co marbete de **GALICIA COMO TAREFA**, LUGRÍS vai estar deica en adiante na primeira liña das iniciativas e das institucións que se irán facendo realidade nas primeiras décadas do século XX, tan só tronchadas pola barbarie da guerra civil.

Nun recente libro sobre a *Obra inédita e esquecida* de Leandro Carré Alvarellos, publicado por Alvarellos Editora hai poucas semanas, o autor da introdución, Xosé Manuel Maceira Fernández, fai unha declaración que invito a escoitar con atención. Di alí Maceira:

Existen vieiros na investigación literaria que descubren parcelas ocultas da cultura galega. Contemplan as análises feitas desde a interdisciplinabilidade dos sistemas que repercuten no mundo literario axuda a recuperar unha maior polifonía, a reconsiderar os patróns establecidos e mais a entender as propostas outrora marxinadas. Resulta vivificante reconstituír voces significativas que están instaladas na periferia do canon, máxime cando as causas desa exclusión son complexas, vinculadas non só a cuestións estéticas, senón tamén ás rivalidades ou ás diferentes estratexias culturais e ideolóxicas.

Maceira Fernández, que é autor dunha documentada tese de doutoramento sobre Leandro Carré Alvarellos, pensaba, obviamente, en Leandro Carré Alvarellos ao escribir estas palabras que veño de citar, porque Carré foi un home multifacético que, non obstante, ficou e fica na periferia do sistema cultural galego, cando o certo é que a súa actividade a prol de Galicia foi incesante, e non só no eido da literatura.

Pois ben, esas palabras de Xosé Manuel Maceira acáenlle perfectamente tamén a Manuel Lugrís Freire, un axente sistémico, no cultural, no ideolóxico, no doutrinal e no político que, despois de dedicar a vida enteira a Galicia, ficou marxinado a partir da súa morte, até que este ano a Real Academia Galega, que cumpre gozosamente o seu centenario, tivo a decencia de sacalo á luz pública en merecida homenaxe. De feito, Lugrís e Carré percorreron xuntos varios treitos de especial interese da Historia de Galicia e cultivaron unha estreita amizade. Nesta pequena alocución tentarei aproximarme algo a ese home que puido ter máis ou menos acerto na elaboración da súa obra literaria pero a quen non se lle pode relear abnegación e efectividade, no momento e no lugar onde foi necesario, cunha entrega tal que a súa conducta desinteresada e xenerosa resulta a día de hoxe certamente exemplar. A este respecto, as palabras de Antón Santamarina, compañeiro amábel e solidario na organización do libro que hoxe presentamos¹, son abondo elocuentes, ao dicir que:

Está claro que Lugrís non foi un Homero, pero non foi só a súa valía como literato o que a Academia quixo festexar. Ademais tívose en conta o home que fixo da súa vida unha entrega valente e desinteresada a favor da

¹ Antón Santamarina Fernández e Anxo Tarrío Varela (coords.), *Día das Letras Galegas. Manuel Lugrís Freire*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2006

lingua e do país. Lugrís (segue Santamarina) é unha figura da nación merecente de recoñecementos, e aínda máis porque, se ben con relación ás figuras maiores do Rexurdimento é un “epígono”, en relación coas da Xeración Nós é un precursor aventaxado.

Cando chegou a Cuba, Lugrís levaba, pois, un rachón na alma pero tamén unha ilusión por facer dende a illa caribeña o que na Galicia interior non podía. Os trece anos que pasou alí, entre 1883 e 1896, foron dunha febril actividade pola súa parte, tanto nos aspectos profesionais coma no que se refere a cuestións culturais e publicistas.

Así, vémosto axiña alternar coa sociedade culta da Habana e frecuentar o Centro Gallego, participando en numerosas xuntanzas e, sobre todo, na súa Sección de Declamación, faceta na que Lugrís tivo unha fortuna sobranceira, segundo lemos nas crónicas publicadas en *El Eco de Galicia* da Habana². Mesmo o atopamos como vogal da Xunta directiva do Centro Galego entre 1884 e 1887.

Xa en 1885, é dicir, dous anos despois de chegar á illa, foi nomeado socio de honra do Liceo Artístico y Literario de Guanabacoa e do Liceo Artístico y Literario de Regla, “os dous principais puntos de encontro do mundiño intelectual habanero”, en palabras de Xabier Campos Villar, máximo especialista na biografía de Lugrís³. Nese mesmo ano de 1885, con motivo de reunir cartos para erixir no cemiterio de Adina, en Iria Flavia, un monumento a Rosalía, cuxo pasamento tivera lugar no mes de xullo, atopamos o nome de Lugrís entre a ampla nómina de doadores. E tamén nese ano sabemos que foi elixido “gentilhombre” por unha das raíñas do baile e da festa que se celebrou no Centro Gallego da Habana o día 17 de maio. Estamos, pois, diante dun garrido mozo, ao que parece, de boa planta, que axiña soubo conquistar a sociedade habanera e que tamén axiña se puxo a escribir para a prensa, sobre todo, nos primeiros anos, para *El Eco de Galicia*, que dirixía outro galego, o estradense Waldo Álvarez Ínsua. Alí publicou Lugrís por entregas a primeira noveliña curta monolingüe da historia da literatura galega contemporánea. Titulouna *O penedo do crime* e viu a luz entre os meses de setembro e decembro de 1884.

Froito moi importante da dedicación ao xornalismo foi a fundación, xa en xullo de 1885, da revista *A gaita gallega*, primeira publicación monolingüe da Galicia da

² Existe edición facsimilar elaborada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades.

³ Xabier Campos Villar, *A obra narrativa en galego de Manuel Lugrís Freire*, edición, introdución e notas de _____, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Narrativa recuperada, 2000, 2ª ed. 2006.

diáspora⁴. Desavenencias co socio fundador, outro galego chamado Ramón Armada Teixeira, provocaron a saída de Lugrís en novembro de 1885. A revista había manterse, con periodicidade irregular, tan só até 1889, pero aí quedaba un fito na cultura da emigración debido en gran medida á iniciativa de Manuel Lugrís Freire.

En adiante, o noso autor acolleuse ás páxinas doutra revista, a titulada *Galicia moderna*⁵, que lle abriu as portas e lle publicou numerosas colaboracións, agora tamén en castelán ou con mestura das dúas linguas, galego e castelán, como ocorre no texto titulado “O lechuceiro. Conto cómico bufo”, que safou do esquecemento Xabier Campos Villar e que estaba sen recompilar. É importante esta narración porque desvela as profundas diferencias existentes no seo da colonia galega da Habana e acusa o xornal *El Eco de Galicia*, no que antes colaborara o propio Lugrís, como xa dixeran, de ser o causante daquelas disidencias, e xa que logo dispara tamén contra Waldo Álvarez Ínsua, director da publicación.

É importante neste punto fixarnos en Lugrís formando parte da comisión xestora para redactar os estatutos da Sociedade Aires da Miña Terra, e tamén redactando el en persoa a *Laudatio* que xustificaría a elección de Curros Enríquez para presidir a devandita sociedade. O feito de Lugrís poñerse en liña co progresista Curros, fronte ao conservador Waldo Álvarez Ínsua, que presidía o Centro Gallego da Habana, un Centro moi criticado na altura desde a revista *Galicia Moderna*, ese feito, repito, de se abarloar Lugrís a Curros bótanos luz sobre o seu talante e sobre as súas ideas políticas, republicanas e democráticas.

Tamén de 1885 data outra iniciativa do noso personaxe que cómpre valorar no que merece. Sabendo el da práctica inexistencia de teatro galego, tanto na Galicia interior coma na de ultramar, decidiuse a escribir unha peza dramática. Titulouna *A costureira d'aldea*, composta en romance octosilábico, que foi lida diante dun nutrido grupo de persoas da cultura galega habanera. Non chegou a poñerse en escena nin foi publicada até despois da súa morte, pero para nós este xesto é indicativo, unha vez máis, da constancia con que Lugrís intentaba cubrir carencias do sistema cultural galego. A esta obriña habíanolle seguir outras que terían mellor fortuna. De calquera forma, *A costureira d'aldea* xa nos dá unha das constantes da obra literaria do noso autor: a

⁴ Existe edición facsimilar, elaborada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 1999.

⁵ Existe edición facsimilar, elaborada no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2006.

valoración de todo o galego por enriba de calquera outra cousa, e moi principalmente por riba do que representaba para el todo o que tivese orixe en Castela.

Á profesora da Universidade da Coruña Teresa López débese a recuperación do manuscrito desta peciña teatral, que en 1998 obraba nos arquivos da Real Academia Galega, dende que en 1957 o fillo de LUGRÍS, o afamado pintor Urbano LUGRÍS, o donara á institución⁶.

Sen deixar de traballar duramente no seu oficio e sen perder ningunha ocasión que puidese servir ao enalzamento de Galicia, LUGRÍS Freire publica en 1894 o libro de poemas titulado *Soidades (Versos en gallego)*. Alí atopamos unha carta-prólogo de Curros Enríquez escrita en castelán, onde, entre outras, dille o gran poeta de Celanova cousas que nos interesan moito aquí para ir compoñendo a semblanza do autor que hoxe homenaxeamos:

Érame de antiguo conocido su nombre como periodista: sabía que en La Habana se había impuesto usted el sacrificio de hablar el gallego a todo el mundo; que era usted un entusiasta admirador de nuestros grandes hombres, un divulgador incansable de nuestra historia, un valeroso paladín del movimiento regionalista de nuestra patria (...) pero ignoraba su decidida pasión por la poesía...

En *Soidades* atopamos xa unhas liñas temáticas que nos seus poemarios posteriores engrosaría. Son esas liñas, tomando agora prestadas as palabras de Luciano Rodríguez⁷: **a cívico-patriota**, **a amorosa**, **a costumista** e **a nostalxia do ausente**. Esta última está intimamente vinculada coa primeira, pois a través delas reflicte LUGRÍS os seus dous grandes amores: a patria e a familia, as dúas ausentes na súa estadía nas Antillas pero constituídas en verdadeiros motores de ilusión para o futuro. Como nos recorda o seu neto, Manuel, nun artigo publicado no número da revista *Raigame* deste mes de maio⁸, seu avó, durante a estadía na Habana, tiña decote

na súa mente, as imaxes da nai e da súa irmá Isolina, que ficara na Coruña. Emocionadas cartas e, mesmo, primixenias composicións poéticas son testemuñas deste amor tan profundo que non resarce con ningunha das

⁶ Teresa López, “Encontrado o manuscrito dunha das obras fundacionais do teatro galego”, *A Nosa Terra*, nº 838, 1998, p. 33.

⁷ “Manuel LUGRÍS Freire, poeta”, en Antón Santamarina Fernández e Anxo Tarrío Varela, cit, p. 33.

⁸ Manuel LUGRÍS Rodríguez, “O espacio familiar de Manuel LUGRÍS Freire”, *Raigame*, nº 23, maio 2006, pp. 7-12.

múltiples actividades que desenvolve e os relativos éxitos que colleita na vida social da emigración cubana.

Pouco antes de producirse o retorno a Galicia en 1896, Lugrís casou cunha muller cubana, Conchita Orta Iglesias, de quen estivo namorado até extremos románticos, incluída a posibilidade do suicidio, e a quen perdeu, xa de volta na Coruña, en 1899 ao dar a luz á única filla que tivo o matrimonio, Socorro Luguís, feito que lle inspirou o segundo poemario, titulado *Noitebras* e publicado en 1901. Alí expresa Luguís o enorme desgarró anímico que lle produciu a morte da súa amada, só aliviado pola dedicación á causa de Galicia, o outro seu grande amor, e tamén polo encontro e unión con outra muller, Pura González Varela, con quen casou en segundas nupcias e chegou a ter cinco fillos, dos que cómpre salientar o gran pintor Urbano, pai á súa vez doutro excelente pintor, Urbano Luguís Vadillo, que queredría estar aquí pero que non lle foi posíbel por motivos de saúde, a quen persoalmente agradezo a súa desinteresada colaboración no libro que hoxe presentamos aquí, e tío doutro neto de Luguís Freire, Manuel Luguís Rodríguez, escritor de atinada pluma que hoxe nos acompaña nesta pequena homenaxe que a Universidade de Santiago quixo organizar na memoria do seu avó.

Despois de *Noitebras*, aínda Luguís daría ao prelo tres poemarios máis que levan no título boa parte do seu contido: *Versos de loita*, de 1919, *Ardencias*, de 1927, e *As Mariñas de Sada*, de 1928. Poemarios nos que non podo pararme aquí. Só dicir que Luguís se manifesta como un poeta que non tén complexo ningún en se situar no ronsel dos grandes poetas do Rexurdimento, Rosalía, Curros e Pondal, aos que haberá que engadir Valentín Lamas Carvajal e, a partir, cando menos, de 1913, tamén Ramón Cabanillas.

Dende a súa arribada de volta ao porto da Coruña, Luguís comezou a frecuentar a Cova Céltica que así se chamaba, como é de coñecemento bastante común, o sonado parladoiro ou tertulia que levaba a cabo un grupo de eximios intelectuais da cidade na trastenda da Librería Gallega, rexentada por Uxío Carré Aldao. Sería de ver alí a Manuel Luguís, rodeado das mellores mentes da cidade co seu entusiasmo irreprimíbel por todo o que atinxise a Galicia.

Pois ben, sabendo como sabía Luguís que o teatro era o mellor medio naquela altura para adoutrinar a sociedade no ideario rexionalista primeiro e nacionalista a partir de 1916, comezou a prestar unha gran dedicación a este xénero que moi axiña lle valeu boa sona como autor dramático, até tal punto que, como nos recordan Anxo Abuín e

Euloxio Ruibal “calquera grupo galego que quixese obter un éxito seguro se acollía de bo grao á representación dun texto do sadense”⁹.

E efectivamente, o teatro serviulle mellor que ningún outro xénero para denunciar os males que aqueixaban Galicia, o caciquismo, o corrupto sistema político do turnismo monárquico, etc., e para enxalzar os valores do país e dos seus habitantes. E froito desa atención ao teatro, no ano 1903, LUGRÍS, xunto a Uxío Carré Aldao, Evaristo Martelo Paumán, outro grande animador da escena, que tal foi Galo Salinas, e o actor Eduardo Sánchez Miño, fundaron a Escola Rexional de Declamación, que había levar ás táboas na súa curta vida (desaparecerá xa en 1905) obras de certo interese, entre as que cómpre citar algunhas de LUGRÍS, como *A Ponte*, *Minia* e *Mareiras*. Estamos diante dun tipo teatro no que LUGRÍS se exercitou denodadamente até atopar en *Minia*, en opinión de Anxo Abuín e Euloxio Ruibal

a fórmula que podía sustentar os seus ensaios de teatro popular: unha muller vese acosada polo desexo dun home poderoso e apóiase no amor dun home honrado para facerlle fronte. A intriga sentimental enmárcase nun conflito económico-político que divide os personaxes en bos e malos, sen medias tintas. Todo resulta explicado, sen dar oportunidade á ambigüedade ou ao subtexto (19-20).

Se a este esquema lle engadimos, como souberon ver Laura Tato Fontaíña e Manuel Vieites¹⁰, o tema da conciencia relixiosa tal e como aparece en *Mareiras*, localizada no mundo mariñeiro de Sada, a citada fórmula adquire un elemento máis de especial atractivo para o público que naquel momento preocupaba a LUGRÍS: un público popular e sen vertebración ideolóxica nin política a quen cumpría atraer e adoutrinar.

Non podo demorar máis nesta faceta do noso autor, pero quen siga atentamente a liña de LUGRÍS como dramaturgo, verá a constancia e dedicación que este home prestou ao teatro, pois, logo dun periodo de dez anos sen representar apenas nada, volverá a tomar a pluma en 1917 para continuar a súa obra dramática. Froito desta segunda xeira serán as obras tituladas *O Pazo (comedia en dous actos e en prosa)*, de 1917, e *Estadeíña (comedia en dúas xornadas en prosa)*, de 1919. Na primeira o autor pón de manifesto a superioridade dos valores da aldea fronte aos da cidade e critica os

⁹ “Na procura da fórmula: o teatro popular de Manuel LUGRÍS Freire”, en Antón Santamarina Fernández e Anxo Tarrío Varela, cit., pp. 13-28.

¹⁰ Citados por Anxo Abuín e Euloxio Ruibal, art. cit., p- 20.

desleigados que intentan abandonar a fala galega para adoptar un castrapo que dá risa oílo; en *Estadeíña* censura fundamentalmente as supersticións populares, produto da ignorancia.

E agora volvendo ao fío da súa biografía, cómpre dicir que dende o seu regreso de Cuba, Lugrís déralle volta na súa cabeza a dous proxectos que se fixeron realidade en 1904: o primeiro, erixir un monumento aos Mártires de Carral, na vila do mesmo nome, onde pronunciou unha emotiva peza oratoria (que esta, a oratoria, é outra das súas facetas máis salientabeis); o segundo, organizar unha homenaxe onde Curros Enríquez sería coroado cos loureiros do Olimpo galego. É sabido que esta foi unha homenaxe moi popular e alí Lugrís recitou poemas con habelencia, como nos seus mellores anos de Cuba.

Seguindo nesta liña de levar a cabo actos simbólicos con que afortalar o discurso rexionalista e de dotar Galicia de institucións que lexitimaran as reivindicacións do país, ao ano seguinte, en 1905, Lugrís asistiu á fundación da Academia Galega, que sería Real en 1906, e sentou cadeira nela xunto a outros trinta e nove personalidades. Así mesmo, extinguida a Liga Gallega, que nacera na citada Cova céltica pero que fora esmorecendo até desaparecer neste ano de 1906 cando a presidía o propio Lugrís, sumouse ao ano seguinte, en 1907, á fundación de Solidaridad Gallega, unha organización con vontade política, agrarista, anticaciquil, rexionalista e anticeutralista, cuxa fundación asinaron corenta e dous homes, con Rodrigo Sanz á fronte e con Manuel Lugrís Freire como membro moi destacado.

Son estes tempos nos que Lugrís se amosa moi prolífico, agora no xénero narrativo e xornalístico, asinando co pseudónimo *Asieumedre* na revista que servía de voceiro a Solidaridad Gallega, é dicir, a recién creada *A Nosa Terra*, e nunha sección titulada “Contos a carón do lar”, relatos curtos de xorne popular, que había recoller co título *Contos de Asieumedre* en tres edicións diferentes de 1908 (cunha tirada de vintemil exemplares), 1909 e 1920; pero tamén o atopamos nese voceiro asinando crónicas, entrevistas, discursos, etc. e facendo en ocasións chamadas á unión dos labregos contra os caciques.

Despois daqueles primeiros anos agraristas, durante os que Lugrís luciu o mellor da súa oratoria en 1907 dando o primeiro e exemplar mitin da historia utilizando en Betanzos a lingua galega, viñeron uns anos de máis retiro por parte do noso personaxe, pero cando en 1916 se vai fundar a Irmandade de Amigos da Fala na Coruña, Antón Vilar Ponte, unha das figuras máis sobranceira do xonalismo da Época Nós, chamará a

Lugrís para se unir na tarefa de procurar para Galicia un novo escalón discursivo e político. E, efectivamente, alí o vemos unha vez máis en primeira liña ao servizo de Galicia aboando de novo á vida pública formando parte dos trinta homes que fundaron a Irmandade na Coruña nun acto celebrado no local da Real Academia. Este acto abriu para Galicia un novo rexurdimento, unha nova época, que eu gusto de chamar Época Nós e que chegará até 1936 plena de avances e de modernización de moitos aspectos da vida galega. Volve Lugrís, como xa dixeran antes, a ensaiar o seu teatro; volve a coller protagonismo dirixindo a revista *A Nosa Terra* e non se despega das actividades levadas a cabo polas irmandades da fala e polas asembleas nacionalistas e mesmo téñen tempo para escribir a que será a primeira gramática da nosa lingua redactada integramente en galego por primeira vez na historia de Galicia. Efectivamente, en 1922 viu a luz a *Gramática do idioma galego*.

Na mesma liña do que pensa Maceira Fernández a través das palabras que citei del ao comezo desta miña intervención, Ernesto González Seoane, despois de facer un repaso polos comentarios críticos negativos que suscitou nos nosos días esta gramática por parte de especialistas ben formados filolóxicos e lingüísticamente, e despois de admitir a pertinencia de tales puntos de vista, rigorosos e ben documentados dende criterios técnicos, observa que, non entanto, esa valoración negativa non resulta de todo xusta, na medida en que se basea exclusivamente na dimensión descritiva da obra e ignora o contexto en que se insire, o compoñente ideolóxico que a inspira e a función para que foi concibida¹¹.

Pois, efectivamente, Lugrís Freire, como todo o que fixo ao longo da súa vida, concibía a súa gramática como un instrumento ao servizo do ideario das Irmandades da Fala, e dende este punto de vista, no momento en que a sacou á luz posuía todas as beizóns de, non todos, pero si moitos axentes culturais e políticos da altura, cumprindo así unha función que estaba por cubrir nun momento en que dende moitas instancias se intentaba modernizar o país, tamén en aspectos referidos á lingua, considerada como un sinal de identidade superior e irrenunciábel. Pensemos que todas as gramáticas do idioma galego anteriores a el, se disimulamos un pequeno *Compendio de gramática galega* publicado tres anos antes, en 1919, e asinado por unha sigla que ben poden pertencer a Leandro Carré Alvarellos, todas foran redactadas en castelán, polo que a afouteza, a valentía de o facer en galego é un mérito que non debemos negar ao noso

¹¹ Ernesto González Seoane, “Lugrís ou a gramática ao servizo da *Santa e xusta causa*”, Antón Santamarina Fernández e Anxo Tarrío Varela, cit., pp. 97-113.

homenaxeado de hoxe. Pensemos que cincuenta anos máis tarde aínda a *Gramática del gallego común*, de Ricardo Carballo Calero, certo que baixo unha ditadura, foi redactada en castelán. Por outra parte, Lugrís tivo que traballar en condicións moi precarias, dende o punto de vista do instrumental bibliográfico, pois por aqueles anos os estudos de lingüística do galego brillaban pola súa ausencia e quen pretendese meterse na tarefa de achegar algo neste terreo tiña que partir da lingua falada e dalgunhas autoridades literarias que, certamente, tampouco hoxe podemos considerar, agás raras excepcións, como paradigmas e modelos de galego a seguir. E estou a me referir aos máis grandes, como Rosalía, Curros, Pondal, etc. Polo tanto, a iniciativa de Lugrís cómpre valorala por riba das súas competencias gramaticais e situala nun punto daquela “planificación cultural” de que falabamos antes, como algo necesario para encher outra das lagoas que presentaba o sistema cultural, unha lagoa enorme, tendo en conta a importancia que de sempre se lle concedeu á lingua como elemento fundamental do repertorio literario galego. Polo de pronto, e aínda que tivo os seus detractores, cómpre quedarse co dato de que a *Gramática* de Lugrís coñeceu unha segunda edición corrixida e aumentada en 1931.

A presenza de Lugrís na década dos anos vinte e da dos trinta até o estouro da guerra civil de 1936 detéctase por todas partes e hoxe en día percíbese o noso homenaxeado como alguén que formaba parte da elite nacionalista que serviu de motor a unha serie de iniciativas que fixeron, entre 1916 e 1936, posíbel que o sistema cultural galego, tomada a expresión nun senso amplo, experimentase un cambio cualitativo e cuantitativo evidente, como sería doado demostrar. Así, un mes despois da súa creación, en novembro de 1923 vémosto ingresar no Seminario de Estudos Galegos, unha institución universitaria de grande importancia para o avance da investigación da realidade de Galicia, como é ben sabido.

Así mesmo, atopamos a Lugrís, como nos recorda Xosé Manuel Dasilva¹², pronunciando o discurso que a Real Academia Galega lle encargou para conmemorar o cuarto centenario do nacemento de Luis de Camões nun acto celebrado no teatro Rosalía de Castro da Coruña o día 27 de novembro de 1924. Un discurso que Lugrís incorporaría ao poemario de 1927, *Ardencias*, nun apartado onde aparecen tamén outras prosas del.

¹² “Lugrís Freire e Camões”, en Antón Santamarina Fernández e Anxo Tarrío Varela, cit., pp. 71-95.

O 14 de marzo de 1926 sorprendeu LUGRÍS no Seminario de Estudos Galegos cun brillante discurso na homenaxe que a institución organizou en agasallo de Dona Carolina Michaëlis de Vasconcelos, glosando a persoa e a obra de tan insigne estudiosa da lírica galego-portuguesa.

Podería seguir eu enumerando presenzas de LUGRÍS en actos, iniciativas, proxectos e traballos do máis variado e non fago hipérbole se digo que para facer relación de todo non me abondaría nin o triple de tempo que razoabelmente debe ocupar unha intervención nun acto das características que hoxe nos reúne aquí, en atención a cortesía que demostrades acudindo a esta chamada de hoxe. Pero non podo nin debo nin quero pasar sen citar o papel de LUGRÍS na redacción dos Estatutos do Partido Galeguista, fundando en decembro de 1931, xa proclamada a II República Española pola que el tanto suspirara. LUGRÍS, a instancia dos fundadores dese partido, tería o carnet número 1 do Partido Galeguista, mentres Castelao, o gran Castelao, levaba o número 2. Así mesmo, participou en 1932 na redacción do Estatuto de Galicia e tamén en 1936 na súa redacción definitiva. Por outra parte, en 1934 foi elixido por unanimidade Presidente da Real Academia Galega, cargo que tería que abandonar por enfermidade quince meses despois. Culminaba así unha vida comprometida e entregada absolutamente a Galicia.

Chegados a este punto, e non querendo abusar máis da vosa paciencia, cómpre subliñar outra vez a dimensión de home apegado á familia que sempre caracterizou a LUGRÍS Freire, que morreu cheo de tristeza e melancolía pensando nos dous fillos que a guerra civil enfrontou en distintos bandos e escoitando os disparos dos pelotóns de fusilamento dende a fiestra da parte traseira da súa casa da rúa de Santo André da Coruña mentres a muller, Pura González Varela, o consolaba ao piano cun repertorio musical do que o hipersentimentalismo de LUGRÍS non podía xa soportar as profundas notas que Juan Montes, inspirado no poema “Negra sombra” de Rosalía de Castro, compuxera en tempos inesquecíveis para o noso personaxe, para Manuel LUGRÍS Freire, quen, dende este ano 2006, é de esperar que ocupe xa o posto que merecía hai moito tempo entre os fillos de Breogán. Beizóns para todos e moitas grazas pola vosa atención.

Anxo Tarrío Varela